

## UN HOME, UNHA CIDADE

A vida é estraña e esta cidade tamén. Cos seus curiñas, cos seus profesores. Semella como se o tempo se detivese nesa España, nesa Galiza decimonónica que xa fomos esquecendo, ou abandonando, afortunadamente. Porén, cando saes á rúa aínda podes sentir o paso desa época na que todo era, seguro, moitísimo peor.

Hoxe, por exemplo, a choiva foise agrandando no escenario, coma se todo fose húmido, coma se un sentise no máis fondo unha dor e un desexo de irse desfecendo. Será a crise, pero as facianas desas persoas que desafían este clima atlántico non amosan dúbida. Viven nunha realidade que está só un centímetro por riba da fabulación máis absoluta, nunha realidade onde as cousas nunca son o que parecen. Chon de Coiro, Pepe de Vilaboa ou Josechu de Bolmente son personaxes que viven agochados nestas historias. Algúns teñen outros nomes, Pilar de Lara, Pepe Rubianes, Gloria Lago... pero como dixo alguén hai tempo os nomes non son máis que etiquetas. Na terra de “Clavelitos” e da casa da Troia son outros detalles os que destacan. Arestora, na rúa, os rapaces universitarios xogan a ser maiores, a compartir soños de xustiza e de igualdade social. A mesquindade virá despois. Un

non se converte en bárbaro doadamente. Uns e outros, todos, son froito dunha dura aprendizaxe e é nesta cidade onde comeza todo.

Neste intre, dende o texto, podemos ver pola rúa mollada preto do casino un par de profesores gastando chapeu e fumando cun estilo propio das vellas películas francesas ou, se cadra, das americanas, cando fumar era sinónimo de modernidade. Agora xa sabemos que todo era mentira e que a modernidade deses dous profesores non deixa de ser unha impostura, porque hai moito que reduciron o seu compromiso social e político a ese torpe xeito de fumar con estilo, ou de levar o pelo moi coidado e de salón de peiteado para despois apoiar causas perdidas. Iso foi o que pensaron aquela muller e aquel home, que parecían saídos dun cadro de Edward Hopper, debruzados na barra dun bar con cristaleiras, ao ver pasar a eses dous. Cun xesto de complicidade, expresaron todo isto sen palabras.

Pero aqueles dous tipos do bar non eran os únicos que aparecían na escena. Máis adiante, saía dun teatro protexido por soportais máis xente vestida con ese mesmo estilo de película francesa e de todas as idades. Non era o París do sesenta e oito, aínda que o parece. Actores, actrices, directores, iluminadores, amigos que saían da estrea dunha obra dun recoñecido intelectual da vella cidade. Era unha adaptación dunha obra de Juan Mayorga. Nela, o dramaturgo reflexionaba sobre a existencia humana e sobre a dura vida de quen se quere facer rico, pero disimula, e de quen quere saír na televisión, pero fai teatro para minorías.

O caso é que, ao acabar a obra, os espectadores aplaudiron moderadamente cunha certa incomodidade, porque Mayorga conseguira, máis aló da desastrosa dirección do reputado intelectual, que a representación fose un espello perfecto das súas vidas. E iso doe, claro.

Entrementres, un home observa a escena sentado na terraza do Suso. Bebe un pouco de tónica e un pouco de whisky, alternativamente, dunha botella e dunha copa que xa ten case rematada. Como se tivese sede e seguise un ritmo imposto por alguén, Santiago foi baleirando na súa gorxa esa estraña mestura.

Mirou o ceo e confirmou que xa non chovería nun bo anaco. Apañou todos os libros e o xornal que tiña enriba da mesa e, coma un autómatas, chamou o camareiro para lle pedir a conta.

—Cóbrese deste billete de cincocentos, por favor— díxolle.

O camareiro que atendía detrás da barra ficou perplexo e, despois de comprobar que o billete non era falso, tróuxolle a volta. Nese momento, o home ergueuse descoidadamente e guindoulle unhas moedas de propina mentres pensaba que nesa cidade, como en todas as cidades, todo era mentira.



## LOLO, O TABERNEIRO

Lolo era un tipo prudente, aínda que a vida, curiosamente, non tivera demasiadas delicadezas con el. Deixara o instituto porque o seu pai marchara para Holanda, farto da súa segunda muller e dunha sociedade coa que non estaba conforme. Uns meses despois, un bo día, chamou o fillo e díxolle:

—Lolo, síntoo moito pero teño que marchar. Algún día, cando teñas muller e fillos, halo comprender.

Pero el non o entendeu. Para el, que o seu pai que o era todo, se despedise dese xeito, fixéralle moito dano. Non o conseguía comprender, non conseguía tirar da cabeza esa estraña sensación que lle deixou a sorprendente partida. Culpabilidade, frustración, xenreira, e non sabía por que. E nunha idade onde a rebeldía era máis unha obriga moral que unha libre pulsión do individuo, Lolo plantou os estudos e púxose a traballar. Un tío da súa nai que tiña un bar, apadriñou o adolescente orfo de pai e deste xeito puido aprender como funcionaban as cousas, como funcionaba o mundo.

Cando cumpriu os dezaioito anos, marchou da casa da súa nai, tamén sen despedirse e, inexplicablemente, colleu un autobús para París. Alí, sen saber unha soa palabra de francés apañou

un tren para Ámsterdam, onde vivía seu pai dende que marchara de Galicia. O día que se presentou no enderezo que aparecía nas cartas e nas postais que lle enviaba, el xa non estaba alí. Por un intre, ao ver o edificio vello e sucio, sentiu unha fonda inquedaanza pensando que seu pai deixara toda a súa vida para iso. Cando unha vella lle dixo que Ernesto xa non vivía alí, que agora residía en Sporenburg, no fondo respirou aliviado. Porén, ao atopar o pai non puido evitar a decepción. Vivía cunha muller que por idade podía ser a súa filla, é dicir, a súa irmá, Catherine, aínda que era a parella do seu pai. E viu tamén que tiña os mesmos problemas e discusións que tiña coa súa nai e que el vivira de cativo na casa familiar.

Pareceulle tan patético que por iso decidiu marchar de novo e volver á súa terra. Prometeuse que non cometería os mesmos erros que o seu pai e que endexamais deixaría a súa familia. Con esta convicción volveu a Santiago e construíu o seu futuro. Comezou a traballar de novo no bar do tío da súa nai, que o recibiu cos brazos abertos, como se non acontecera nada.

Pasou o tempo e Lolo casou cunha muller que coñecera por azar nunha noite perdida da cidade. Sen pensalo moito e coa firme conciencia de que casaría para sempre. Nun suspiro tiveron fillos e, cando se retirou o tío, el colleu o bar. E dende aquela, todo, todo, fora perfecto. Pero a perfección, como o amor, como a vida, aburren, e un bo día el comprendeu ao seu pai, e decidiu marchar. Polo ben de todos. Ás veces, decatouse, esa era a mellor solución. Colleu unha bolsa de man e, no canto de volver ao bar, foi ao garaxe, meteu as cousas no coche e emprendeu camiño; pero non marchou. Non sabemos se por vergoña ou por covardía. O certo é que non o fixo, aínda que o pensou. Ese venres foi para A Coruña e aló polo quilómetro dezaioito parou. Era un club. Entrou, pediu unha copa e púxose a falar cunha muller colombiana que se lle

achegou. Pouco tempo despois, subiu a un cuarto, pero non coa colombiana, senón cunha rapaza venezolana moi educada. Nese intre decidiu non abandonar os seus.

A visita excepcional daquel día fíxose costume, rutina coa que resistir a súa vida invivible, a súa propia covardía. E todos os primeiros venres de mes, Lolo, o home afable de modélica vida contemplativa, afeccionado ao fútbol, de muller e fillos, traballador e amante dos valores tradicionais, das festas e da misa polo patrón, achegábase cun íntimo aceno de liberdade a ese club de mulleres do quilómetro dezaeito da Coruña.

Aínda que aquel día, despois de que no bar o tipo raro lle pagase cun billete de cincocentos euros, fixo unha excepción aos seus costumes e, malia ser xoves, marchou de festa co pracer de pagar as súas consumicións e os seus servizos cun billete reluciente de cincocentos euros. Eu seiño porque tamén estaba alí.